

ESTATUTOS

ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RÍA MUROS-NOIA

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1.-

1.- Constitúese a Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría Muros-Noia como unha entidade que se rexerá polo artigo 22 da Constitución e polo disposto na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable, polos presentes estatutos e regulamento de réxime interno, no seu caso, así como polos acordos validamente adoptados pola súa Asemblea Xeral e órganos directivos dentro da esfera da súa respectiva competencia. A asociación ten a seguinte denominación "ASOCIACIÓN RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RÍA MUROS-NOIA", e terá como finalidade a promoción e desenrolo da actividade turística no conxunto do seu territorio.

2.- A asociación está integrada polos concellos de Porto do Son, Lousame, Noia, Outes e Muros, todos eles da comarca Muros-Noia (A Coruña).

Artigo 2.- A asociación fixa o domicilio social na rúa Frei Lois Rodríguez, 9, baixo, do concello de Noia (CP 15200). Poderanse crear locais sociais noutras localidades mediante acordo da Xunta Directiva, que tamén terá facultades para poder cambiar tanto o domicilio principal como o resto dos locais.

Artigo 3.- A asociación, en funcións dos seus fins e do seu emprazamento social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da comarca de Muros-Noia.

Artigo 4.-

1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en Asemblea Xeral Extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5.-

1.- A asociación constitúese coa finalidade principal de acometer, con carácter xeral, a planificación, xestión e desenrolo de todas as accións que se consideren encamiñadas á mellora das



actividades relacionadas co turismo, dentro do seu ámbito de actuación como ferramentas para mellorar o nivel de desenvolvemento socioeconómico dos seus habitantes.



Son fins principais da asociación:

- a) Promover o desenvolvemento, a modernización e a adaptación ao mercado e ás innovacións tecnolóxicas das empresas e servizos turísticos da zona.
- b) Fomentar a promoción turística e as actuacións de posta en valor e de dinamización do sector turístico da zona.
- c) Fomentar e capacitar os recursos humanos dispoñibles e interesados no sector turístico da zona.
- d) Mellorar, complementar e aumentar a oferta turística existente na zona, sempre baixo un criterio de calidade e sostibilidade.
- e) Alentar o asociacionismo entre os distintos sectores sociais implicados no desenvolvemento da zona.
- f) Servir de núcleo de integración e representación dos diferentes axentes territoriais, institucionais, sociais, económicos..., tanto públicos como privados, interesados en promover o turismo e o desenvolvemento do territorio.
- g) Sensibilizar as Administracións Locais, Autonómica, Estatal, así como as Institucións Comunitarias Europeas, canalizando as demandas da poboación do territorio, ao obxecto de optimizar o aproveitamento dos recursos endóxeos da zona de cara ao seu desenvolvemento harmónico e integral.
- h) Ser centro receptor e distribuidor de toda a información relativa ao eido do desenvolvemento local e rexional, tanto a nivel nacional coma internacional, centrándose esta labor principalmente no coñecemento dos recursos e promoción de proxectos e iniciativas relacionadas co turismo.
- i) Potenciar, revalorizar e preservar os recursos naturais e culturais da zona.

Para acadar estes fins, a asociación poderá desenvolver entre outras as seguintes actividades:


- a) Realizar os estudos necesarios para o correcto desenvolvemento dun turismo respectuoso co entorno económico, cultural e natural do territorio, propoñendo cantas normativas de uso e xestión do patrimonio natural e cultural sexan convenientes e que apoiem as dinámicas de desenvolvemento baseadas na sostibilidade.
- b) Promover a realización de obras, xestión e execución de plans, programas ou proxectos de interese público e común para as entidades asociadas, así como a obtención, xestión e investimento dos correspondentes fondos, en materia de políticas de desenvolvemento rexional, social, medioambiental, agrícola, industrial, prospección comercial, formación profesional, apoio á calidade, innovación e diversificación económica no marco de iniciativas europeas, nacionais, autonómicas ou locais, e de outros entes, institucións ou entidades, públicas ou privadas.



- 
- 
- c) Asumir a execución de obras, plans, programas ou proxectos, coas entidades asociadas ou outras administracións públicas acorden encomendarlle, para a xestión de servizos e actividades de interese público e común, así como a súa instalación e prestación, ben sexa de forma parcial ou integral.
 - d) Desenvolver posibles iniciativas para intentar frear o éxodo rural, así como para fomentar o emprego.
 - e) Sensibilizar o tecido social da comarca sobre a problemática, recursos, accións e proxectos que contribúan aos seus intereses de desenvolvemento.
 - f) Organizar, promover, coordinar e realizar todo tipo de actividades turísticas e socioculturais, tales como seminarios, conferencias, xornadas, investigacións e estudos relativos aos problemas de desenvolvemento da comarca, así como editar, no seu caso, todo tipo de material en soporte escrito, audiovisual ou informático, de carácter especializado, didáctico ou, simplemente, divulgativo.
 - g) Solicitar ante calquera instancia e executar, no seu caso, a realización de calquera programa ou proxecto relacionado cos obxectivos da asociación.
 - h) Proxectar, preparar e executar cantas accións ou actividades sexan necesarias para acadar unha axeitada formación e posta ao día permanente de todos os colectivos vinculados ao turismo e ao desenvolvemento e, especialmente, dos membros da asociación.
 - i) Promover o intercambio de experiencias e metodoloxías de traballo, así como a busca de liñas de actuación conxunta con entidades análogas, nacionais ou internacionais.
 - j) Levar a cabo as campañas de difusión e publicidade que se estimen necesarias e que os medios permitan.
 - k) Realizar cantas actividades podan resultar necesarias e/ou consecuentes coas anteriores.

Os beneficios que se obteñan por calquera concepto destinaranse exclusivamente ao cumprimento destes fins, se que se poidan repartir entre os asociados nin outras persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.

CAPÍTULO II DOS ASOCIADOS



Artigo 6.- A Asociación Rural de Desenvolvemento da Ría de Muros-Noia estará formada polos concellos de Porto do Son, Lousame, Noia, Outes e Muros.

Poderán integrarse na asociación outros socios que compartan os fins da asociación.

Os acordos de admisión de asociados e asociadas tomaraos a Xunta Directiva unha vez recibida a petición por escrito da persoa que desexa ser admitida.



Artigo 7.- Son causa para ser dado de baixa na asociación a renuncia voluntaria e a separación pola Asemblea Xeral.

1.- A renuncia voluntaria da entidade interesada, para o que serán necesarios os seguintes requisitos:

- a) Aviso previo, cun ano de antelación, dirixido ao presidente.
- b) Estar ao día no cumprimento das obrigas e compromisos anteriores respecto da asociación e garantir o cumprimento e liquidación daquelas e destes.
- c) A separación producirá efectos ao finalizar o exercicio económico no que se adoptase o correspondente acordo.
- d) A renuncia non poderá comportar perturbación, prexuízo ou risco evidente para a realización de calquera dos servizos e actividades da asociación.

2.- A Asemblea Xeral, no suposto de incumprimento de obrigas ou compromisos por algunha das entidades asociadas, con informe motivado, poderá acordar a súa separación nos supostos de:

- a) Non facer efectivas as cotas ou aportación económicas acordadas.
- b) Non cumprir as obrigas estatutarias.

A expulsión de asociados, será acordada pola Asemblea Xeral, logo da audiencia do interesado, e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

Artigo 8.- Os asociados e asociadas teñen os seguintes dereitos:

- a) Participar nas actividades da asociación e nos órganos de goberno e representación, exercer o dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos estatutos.
- b) Ser informado da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, o seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.
- c) Ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el e ser informado dos feitos que dean lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha sanción.
- d) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.
- e) Exercer a representación que circunstancialmente se lles confira en cada caso.

Artigo 9.- Son obrigas dos asociados e asociadas:

- a) Compartir as finalidades da asociación e colaborar para a súa consecución.
- b) Pagar as cotas, derramas e demais aportacións económicas previstas nos estatutos e aprobadas de acordo cos mesmos.
- c) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- d) Acatar e cumprir os acordos validamente adoptados polo órganos de goberno e representación da asociación.
- e) Acatar o contido dos estatutos.
- f) Ter unha boa conduta individual e cívica.



- g) Asistir á Asemblea Xeral e demais actos que se organicen.
- h) Desempeñar, no seu caso, as obrigas inherentes ao cargo que ocupen.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 10.- A dirección e administración da asociación serán exercidas polo presidente, a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Artigo 11.-

1.- O presidente da asociación será designado pola Asemblea Xeral entre os asociados e o seu mandato durará catro anos. Será asistido nas súas funcións por un vicepresidente, que o substituirá nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

2.- O presidente terá as seguintes atribucións:

- a) Representar a asociación ante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva; presidir as sesións da Asemblea Xeral; dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade, no caso de empate.
- c) Executar os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asignar actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto co secretario ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 12.-

1.- A Xunta Directiva estará formada polo presidente da asociación, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e un vogal.

2.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas en poidan incorrer por actuacións relacionadas coa asociación.

As persoas elixidas para estes cargos deberán carecer de interese económico nos resultados da actividade levada a cabo pola asociación.

3.- A Asemblea Xeral será competente para elixir os cargos da Xunta Directiva. A súa duración será por un período de catro anos, aínda que poden ser obxecto de reelección indefinidamente.

4.- Os cargos cesarán na súa función por:



- a) Falecemento ou enfermidade que incapacite para exercer o cargo.
- b) Renuncia voluntaria presentada mediante un escrito no cal se expoña os motivos.
- c) Transcurso do prazo para o que foron elixidos
- d) Acordo de cesamento de toda a Xunta Directiva adoptada por 2/3 dos asociados reunidos en Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

A renuncia e o transcurso do prazo non dan lugar ao cesamento automático, senón que se deberá facer un efectivo traspaso de poderes con entrega de documentación e posta ao día do sucesor.

As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisionalmente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 persoas, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

A través do regulamento de réxime interno, se o houbera, ou por acordo da Asemblea Xeral establecerase o procedemento de presentación de candidaturas de elección da Xunta Directiva, respectando sempre criterios democráticos de funcionamento.

Artigo 13.- A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

1. Programar e dirixir as actividades asociativas.
2. Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
3. Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
4. Convocar e fixar a data da Asemblea Xeral.
5. Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para os asociados.
6. Designar as comisións de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
7. Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
8. Resolver sobre as solicitudes de ingreso de novos asociados.
9. Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
10. Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.
11. Aquelas que non veñan atribuídas expresamente a outro órgano da asociación.

Artigo 14.- A Xunta Directiva: convocatorias

1. A Xunta Directiva será convocada polo presidente, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes. Deberá reunirse, en sesión ordinaria, coa periodicidade que os seus membros decidan e que en ningún caso poderá ser inferior a catro veces ao ano. Deberá reunirse en sesión extraordinaria cando o convoque con este carácter o seu



presidente, ou por iniciativa da Xunta Directiva, ou ben se o solicita 1/3 dos membros que a compoñen.

2. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes, sendo necesaria a concorrencia, polo menos, da metade máis un dos seus membros e, en todo caso, do presidente e o secretario ou persoa que o substitúa. A Xunta Directiva toma os acordos por maioría simple de voto dos asistentes; cada membro da Xunta Directiva ten un voto e, en caso de empate, o voto do presidente será de calidade. O secretario ou, no seu defecto, quen o substitúa, levantará acta das sesións, que se transcribirá ao libro de actas.

Artigo 15º.- Os membros da Xunta Directiva presidirán as comisións que a propia Xunta acorde constituír, co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos ou actividades, ou de acadar delas as informacións necesarias. Formarán parte das ditas comisións o número de asociados que acorde a Xunta Directiva, a proposta dos seus respectivos presidentes.

Artigo 16º.- A Asemblea Xeral de asociados e asociadas é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por todos os integrantes desta. O presidente e o secretario da asemblea serán o presidente e o secretario da Xunta Directiva.

Artigo 17º.- A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario como mínimo unha vez ao ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Presidencia, a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos socios. Neste último caso realizarse por medio de escrito dirixido ao presidente, autorizado coas sinaturas dos solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 18º.- A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse necesariamente dentro dos 6 primeiros meses de cada ano. Tanto a Asemblea Ordinaria como a Extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación polo/a presidente/a da Xunta Directiva.

A notificación farase nos locais da asociación para as asembleas ordinarias e no domicilio dos asociados para as asembleas extraordinarias.

Artigo 19º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

1. Aprobar o plan de actividades.
2. Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
3. Aprobar os presupostos de ingresos e gastos para cada exercicio.
4. Exame e aprobación das cotas.

Artigo 20º.- Serán competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

1. Modificar os estatutos da asociación.
2. Elixir e cesar os integrantes da Xunta Directiva.
3. Aprobar a federación con outras asociacións.



4. Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca de bens sociais.
5. Acordar a disolución da asociación.
6. Designar os/as liquidadores/as.
7. Ratificar a expulsión de asociados e asociadas a proposta da Xunta Directiva.
8. Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
9. Aproba o regulamento de réxime interno da asociación.
10. As que sendo de competencia da asemblea ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria, sen grave prexuízo para a asociación.
11. Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral Ordinaria ou a Xunta Directiva.

Artigo 21º. A Asemblea Xeral quedará validamente constituída sempre que concorran a metade máis un dos asociados con dereito a voto na primeira convocatoria ou transcorrida media hora en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes, pero, en todo caso, coa presenza do presidente ou vicepresidente e o secretario ou persoa que o substitúa.

Artigo 22º.- Os acordos adoptados deberán selo polo voto afirmativo da maioría simple dos asistentes ou representados, excepto os relativos aos apartados do 1 ao 7 do artigo 20º, que requirirán maioría de dous terzos. A continuación levaranse os acordos ao libro de actas e asinarao o/a presidente/a, o/a secretario/a da Asemblea. A acta deberá ser lida na seguinte sesión celebrada pola Asemblea Xeral e aprobada pola maioría dos membros presentes.

Artigo 23º.- Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todos os/as asociados/as, incluso os/as non asistentes.

As sesións abriranse cando así o determine o presidente. Seguidamente procederase por parte do secretario á lectura da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada.

Posteriormente, o secretario procederá a presentar a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que lle corresponda, procedéndose ao debate e a aprobación dos correspondentes acordos nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia de que se trate.

Artigo 24º.- Os acordos que vaian contra estes estatutos ou infrinxan os fins da asociación poderán ser recorridos en reposición diante da Asemblea Xeral. A partir da resolución do recurso de reposición, quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

Artigo 25º.-

1. O secretario recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados e terá ao seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente. O secretario tamén levará o inventario dos bens da asociación nun libro establecido para este efecto.
2. Nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade do secretario, o presidente designará entre os vocais a un que desenvolva esta función.



Artigo 26º.-

1. O tesoureiro recadará e custodiará os fondos pertencentes á asociación, dará cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente, levará a contabilidade da asociación, tomará razón e levará conta dos ingresos e dos gastos asociativos, elaborará o borrador de orzamentos da asociación así como as contas de resultados e balances.
2. O tesoureiro ten a obriga de proceder ao peche do exercicio orzamentario antes do 15 de decembro, co fin de que as contas estean a disposición dos membros da asociación nos quince días anteriores á celebración da asemblea ordinaria.

Artigo 27º.- O vogal terán as seguintes atribucións:

1. Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
2. Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPÍTULO IV RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 28º.- A asociación no momento de iniciar as súas actividades dispón dun patrimonio de 0 euros. O peche do exercicio económico coincidirá co do ano natural. A asociación terá patrimonio propio, que estará constituído polos ingresos provenientes de:

- a) Achegas económicas dos socios.
- b) Doazóns ou subvencións.
- c) Resultados económicos que se poidan producir polas actividades organizadas pola entidade, co fin de recadar fondos, que se aplicarán en todo caso ao cumprimento dos seus obxectivos e fins sociais.
- d) Outros ingresos permitidos pola lexislación vixente.

A contía das cotas e contribucións dos socios será proposta pola Xunta Directiva e aprobada en Asemblea Xeral que determinará así mesmo a maneira en que se farán efectivas. Terán o carácter de non reintegrables.

Artigo 29º.- A asociación funcionará en réxime de presuposto anual, con partidas diferenciadas de ingresos e gastos. O borrador de presuposto será elaborado polo tesoureiro da asociación, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria.

Artigo 30º.- A asociación manterase dos seguintes recursos:

1. As cotas periódicas dos/as asociados/as que se acorden en Asemblea Xeral.
2. As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea.



3. As doazóns ou subvencións que poidan conceder órganos públicos, entidades privadas ou particulares.
4. Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
5. Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 31º.- A Asemblea Xeral Ordinaria, a proposta da Xunta Directiva, aprobará tanto as cotas ordinarias como as extraordinarias que non serán reintegrables en ningún caso. O recadado dedicarase a atender as necesidades da asociación.

Artigo 32º.- Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico de cada ano, elaboraranse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos/as asociados/as, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a celebración da Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalas ou censuralas.

Artigo 33º.- Para a disposición de fondos das contas que a asociación ten nas entidades bancarias será necesaria a sinatura conxunta do presidente e do tesoureiro.

Artigo 34º.- Como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderán ser distribuídos entre os/as asociados/as os recursos obtidos pola asociación.

CAPÍTULO V DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 35º.- O regulamento de réxime interno, no seu caso, desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos, como o procedemento de elección dos membros da Xunta Directiva e o procedemento disciplinario, e non pode ir en ningún caso en contra do estipulado neles. En todo caso, o funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 36º.- Os ditos estatutos só poderán ser modificados por acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto, adoptado polas 2/3 partes dos asociados. A proposta de convocatoria deberá ir acompañada do texto das modificacións propostas.

Artigo 37º.- A asociación disolverase voluntariamente por acordo dos asociados adoptado polas 2/3 partes dos asistentes á Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto.



Artigo 38º.- Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a presidente e o/a tesoureiro/a, procederán para efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante.

Artigo 39º.- O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doarase a outra asociación non lucrativa e inscrita na comunidade autónoma que teña iguais ou similares fins que os desta asociación.

O xustificante da doazón será presentado no Rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

Dilixencia para facer constar que estes Estatutos quedan redactados incluíndo a modificación acordada na Asemblea Xeral celebrada en data vinte de decembro de dous mil dous.

Dilixencia para facer constar que estes Estatutos quedan redactados incluíndo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral celebrada en data 28 de abril de 2004, a fin de adaptalos á L.O. 2/2002 reguladora do dereito de asociación. Faise constar asemade que a asociación atópase en situación de actividade e funcionamento. Notifíquese ao rexistro correspondente, xunto cunha relación de cargos e data de elección ou designación.

Dilixencia para facer constar que estes estatutos quedan redactados incluíndo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral celebrada en data 8 de maio de 2008.

Dilixencia para facer constar que estes estatutos quedan redactados incluíndo as modificacións acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada en data 9 de xuño de 2014



INSCRIPCIÓN DE MODIFICACIÓN ASOCIACIÓN Nº 5644-1º

Inscrita a la modificación por resolución do 3 de xullo de 2014 soamente para os efectos de publicidade de conformidade co artigo 22 da Constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002

O/A responsable do Rexistro

